

## **SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN**

**DO DÍA 30 DE AGOSTO DE 2007**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día trinta de agosto de dous mil sete, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese a Corporación municipal en Pleno, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os señores concelleiros don Francisco Javier Varela Tejedor, don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PS de G-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Juan Antonio Fernández López, do EU-IU; e don Manuel Marante Gómez, do PG.

Non asiste, e presenta escusa, don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.

Asiste dona M<sup>a</sup> Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M<sup>a</sup> Fernanda Montero Carré, secretaria accidental da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º.- Aprobación, se procede, dos borradores das actas das sesións anteriores.**

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, expón que, na acta correspondente ao día 13 de xullo de 2007, na páxina 4, no último parágrafo, cando se recolle a súa intervención na que di “pois agora os grupos municipais teñen dereito a formular tres rogos e tres preguntas”, referíase realmente non a tres, senón a seis rogos e seis preguntas, que é o que recolle o Regulamento orgánico municipal, e neste sentido desexa facer esta matización.

O concelleiro de EU-IU, don Juan Antonio Fernández López, manifesta que desexa que se corrixan, na acta correspondente á sesión de 26 de xullo de 2007, estes dous aspectos:

1) Na páxina 10, o quinto parágrafo, que comeza dicindo “Don Luis Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o único ....” ata “... área que ostentaba o BNG”, solicita que se elimine dito parágrafo pois, supón que por un erro, nel se están atribuíndo manifestacións a don Luis Taibo Casás que dito concelleiro non realizou. Probablemente esas manifestacións se realizaron por outro concelleiro distinto do Sr. Taibo Casás, pero non por el, polo que o seu grupo solicita que se elimine dito parágrafo, para evitar confusións.

2) Na páxina 30, oitavo parágrafo, onde di “algunhas nos muros de construción no paseo fluvial”, debería dicir “algunhas nos muros de contención no paseo fluvial”, é un erro de trascrición.

Todos os concelleiros presentes amosan a súa conformidade coas modificacións suxeridas.

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou aprobar os citados borradores coa modificación solicitada polo grupo municipal do BNG ao borrador da acta da sesión de 13 de xullo, e as modificacións solicitadas polo grupo municipal de EU-IU ao borrador da acta da sesión de 26 de xullo.

**2º.- Coñecemento da Resolución da Alcaldía de 20 de xullo de 2007, de modificación da ditada o día 10 de xullo de 2007, relativa á delegación de atribucións da Alcaldía.**

Os Srs. concelleiros danse por informados da Resolución da Alcaldía de data 20 de xullo de 2007, de modificación da ditada o día 10 de xullo de 2007, que se transcribe literalmente a continuación:

“Vista a resolución da Alcaldía de data 10 de xullo de 2007, de delegacións xenéricas a prol dos tenentes de alcalde delegados das áreas municipais que na mesma se relacionan e respecto da súa área, que comprende o exercizo das competencias que a esta Alcaldía lle son atribuídas e que poden ser delegadas a teor do establecido no artigo 21.1 e 3 da Lei 7/1985, incluíndo a facultade de dirixir os servizos contidos en cada área, a

facultade de xestiona-los en xeral, así como a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Constatada a necesidade de aclarar e unifica-la competencia dos titulares das distintas áreas de goberno no referido ás distintas fases da xestión do gasto público.

Na súa virtude, esta Alcaldía, facendo uso das atribucións que lle confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, 43 e seguintes do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e concordantes do regulamento orgánico municipal, RESOLVE:

Primeiro: Modifica-la resolución da alcaldía de data 10 de xullo de 2007 respecto das delegacións xenéricas a prol dos tenentes de alcalde delegados das áreas municipais, do seguinte xeito:

1.- Delegar a favor do Primeiro Tenente de Alcalde delegado da área de Presidencia, Planificación e Réxime Interior o recoñecemento, liquidación e ordenación do pago de todas as obrigas económicas derivadas de gastos de persoal (capítulo 1 da clasificación económica do estado de gastos do orzamento municipal).

2.-Quedan reservadas a esta Alcaldía o recoñecemento e liquidación de obrigas, a ordenación do pago e o pagamento material, así como a aprobación das contas xustificativas dos fondos librados “a xustificar” e dos “anticipos de caixa fixa”, non comprendidas no punto 1 anterior.

Nos supostos de ausencia ou enfermidade, o coñecemento e resolución dos citados asuntos corresponderá ao primeiro tenente de alcalde.

Segundo: A teor do establecido no artigo 56.2 do Regulamento Orgánico Municipal, notifíquese aos interesados, publíquese no Boletín Oficial da Provincia e comuníquese ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.”

**3º.- Coñecemento da Resolución da Alcaldía de data 14 de agosto de 2007, relativa á delegación da presidencia das comisións informativas.**

Os Srs. concelleiros danse por informados da Resolución da Alcaldía de data 14 de agosto de 2007, que se transcribe literalmente a continuación:

“Tendo en conta o establecido no artigo 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, respecto da delegación do exercicio de atribucións por parte da Alcaldía, e artigos 44.3 e 80.1 a) do Regulamento orgánico municipal respecto de que o alcalde é o presidente nato de todas as comisións informativas, podendo delegar a presidencia efectiva en calquera membro da Corporación.

Facendo uso da citada atribución, resolvo:

Primeiro: Delegar a presidencia das comisións informativas que de seguido se relacionan, nos concelleiros delegados da área que igualmente se indica:

- Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica: don Francisco Javier Varela Tejedor.
- Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá: don Jaime Manuel López Lisnier.
- Comisión Especial de Contas: don José Venancio Salcines Cristal.

Segundo: A teor do previsto nos artigos 41 d) e 80.1 a) do Regulamento orgánico municipal, notifíquese aos interesados, publíquese no Boletín Oficial da Provincia, e dease conta ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.”

**4º.- Coñecemento da Resolución da Alcaldía de data 21 de agosto de 2007, de designación de concellos representantes no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria.**

Os Srs. concelleiros danse por informados da Resolución da Alcaldía de data 21 de agosto de 2007, que se transcribe literalmente a continuación:

“Visto o escrito procedente da Delegación de Economía e Facenda de Galicia-A Coruña, , no que solicita que, antes do día 24 de agosto actual, se designe a dous dos concellos que se citan no devandito escrito, para que nos representen no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria da Coruña.

Tendo en conta que, entre a relación de municipios aos que se pode votar figuran os de Cambre e Culleredo, puidendo efectuarse a designación a prol do propio concello.

Á vista do prazo concedido, e en uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, resolvo :

Primeiro: Designar aos concellos de Cambre e Culleredo como representantes no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria.

Segundo: Comunica-la designación á delegación de Economía e Facenda de Galicia-A Coruña, e ao Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar.”

**5º.- Proposta da Alcaldía respecto do nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados.**

Vista a proposta da Alcaldía coa data do día 21 de agosto de 2007.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 28 de agosto de 2007.

Aberto debate, don José Antonio Baamonde López, voceiro do PP, ratifica o manifestado na comisión informativa do día 28 de agosto. Entende que a organización é asunto do equipo de goberno, e por iso o seu grupo se abstén.

Sometida a votación ordinaria a proposta de Alcaldía, votan a prol os sete concelleiros do grupo municipal do PS de G-PSOE, e abstéñense os sete concelleiros do grupo municipal do PP, os catro concelleiros do grupo municipal do BNG, os dous concelleiros do grupo municipal EU-IU, e o concelleiro do grupo mixto (PG).

A Corporación, por sete votos a prol, acordou:

Primeiro: Nomear representante do concello, no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, ao concelleiro-delegado de Presidencia, Planificación e Réxime Interior, don Francisco Javier Varela Tejedor, e como suplente ao concelleiro-delegado de Facenda, Comercio e Emprego, don José Venancio Salcines Cristal.

Segundo: Nomear representante do concello no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e do Benestar á concelleira-delegada de Asuntos Sociais, Igualdade e Participación Cidadá, dona Carmen Tato Lago e como suplente á concelleira-delegada de Cultura e Turismo, dona Erundina Prado Arcay.

Terceiro: Comunica-las anteditas designacións ao Fondo Galego de Cooperación e máis ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, para os efectos oportunos.

**6º.- Proposta de constitución con carácter permanente, da Mesa de Contratación para asistir ao órgano de contratación nos procedementos abertos e restrinxidos.**

Vista a proposta formulada polo concelleiro delegado de Presidencia, Planificación e Réxime Interior coa data do 21 de agosto de 2007.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 28 de agosto de 2007.

Pola secretaria accidental comunícase que a Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 28 de agosto ditaminou favorablemente a proposta, co compromiso, por parte dos voceiros dos respectivos grupos municipais, de designar, antes da celebración do pleno, aos respectivos titulares e suplentes que formarán parte dela como vogais. Efectuadas ditas designacións, por todos os voceiros, a secretaria dá lectura á proposta definitiva que deberá ser votada polo Pleno, do seguinte teor literal:

“Primeiro: Constituír con carácter permanente a Mesa de contratación para asistir ao órgano de contratación na adxudicación dos contratos por procedemento aberto e restrinxido, en todos os expedientes de contratación que se incoen no Concello de Cambre.

Segundo: A Mesa de contratación estará constituída polos seguintes membros:

- Presidente: o señor alcalde, don Antonio Varela Saavedra, ou no seu lugar, o concelleiro/a da corporación no que delegue.

- Vogais:

- 1.- O concelleiro delegado de Presidencia, Planificación e Réxime Interior, don Francisco Javier Varela Tejedor, e como suplente, o concelleiro delegado de Facenda, Comercio e Emprego don José Venancio Salcines Cristal.
- 2.- A concelleira delegada de Medio Ambiente, Obras e Servizos, dona Beatriz Ramos Padín, e como suplente, a concelleira delegada de Cultura e Turismo, dona Erundina Prado Arcay.
- 3.- O voceiro do grupo municipal do Partido Popular, don José Antonio Baamonde López, e, como suplente, o concelleiro do PP don Nicolás José Cubeiro Martínez.
- 4.- O voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, e, como suplente, o concelleiro do BNG don Antón Otero Domínguez.
- 5.- O voceiro do grupo municipal de Esquerda Unida-Izquierda Unida, don Luis Miguel Taibo Casás, e, como suplente, o concelleiro de EU-IU don Juan Antonio Fernández López.
- 6.- O voceiro do grupo mixto (Partido Galeguista), don Manuel Marante Gómez.
- 7.- A secretaria da Corporación, dona María Luisa de la Red Ampudia, e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral dona M<sup>a</sup> Fernanda Montero Carré.
- 8.- A interventora da Corporación, dona M<sup>a</sup> Irache Enríquez Albaina, e, como suplente, a técnica de xestión económica dona Isabel M<sup>a</sup> Fuentes Torices.
- 9.- A técnica de xestión económico-financeira, dona María Luisa Souza Veiga, e, como suplente, o técnico de Administración xeral don Fernando Garrido Negreira.
- 10.- O aparelador municipal, don Roberto Saavedra Vázquez, e, como suplente, a administrativa da sección de Planeamento e Xestión dona M<sup>a</sup> Victoria Doval García.

- Secretaria: a técnica de xestión de Administración xeral, dona M<sup>a</sup> Fernanda Montero Carré, e, como suplente, a administrativa da área de Secretaría dona Josefa Míguez Boquete.

Terceiro: Dado que a designación dos membros da mesa de contratación ten carácter permanente, publíquese no Boletín Oficial da provincia, para coñecemento xeral, de conformidade co disposto no artigo 79.2 do Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por R.D. 1098/2001 do 12 de outubro.”

Sometida a proposta a votación ordinaria, votan a prol todos os concelleiros presentes do PS de G-PSOE, PP, BNG, EU-IU e Grupo Mixto (PG), polo que a Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Constituír con carácter permanente a Mesa de contratación para asistir ao órgano de contratación na adxudicación dos contratos por procedemento aberto e restrinxido, en todos os expedientes de contratación que se incoen no Concello de Cambre.

Segundo: A Mesa de contratación estará constituída polos seguintes membros:

- Presidente: o señor alcalde, don Antonio Varela Saavedra, ou no seu lugar, o concelleiro/a da corporación no que delegue.

- Vogais:

1.- O concelleiro delegado de Presidencia, Planificación e Réxime Interior, don Francisco Javier Varela Tejedor, e como suplente, o concelleiro delegado de Facenda, Comercio e Emprego don José Venancio Salcines Cristal.

2.- A concelleira delegada de Medio Ambiente, Obras e Servizos, dona Beatriz Ramos Padín, e como suplente, a concelleira delegada de Cultura e Turismo, dona Erundina Prado Arcay.

3.- O voceiro do grupo municipal do Partido Popular, don José Antonio Baamonde López, e, como suplente, o concelleiro do PP don Nicolás José Cubeiro Martínez.



4.- O voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, e, como suplente, o concelleiro do BNG don Antón Otero Domínguez.

5.- O voceiro do grupo municipal de Esquerda Unida-Izquierda Unida, don Luis Miguel Taibo Casás, e, como suplente, o concelleiro de EU-IU don Juan Antonio Fernández López.

6.- O voceiro do grupo mixto (Partido Galeguista), don Manuel Marante Gómez.

7.- A secretaria da Corporación, dona María Luisa de la Red Ampudia, e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral dona M<sup>a</sup> Fernanda Montero Carré.

8.- A interventora da Corporación, dona M<sup>a</sup> Irache Enríquez Albaina, e, como suplente, a técnica de xestión económica dona Isabel M<sup>a</sup> Fuentes Torices.

9.- A técnica de xestión económico-financeira, dona María Luisa Souza Veiga, e, como suplente, o técnico de Administración xeral don Fernando Garrido Negreira.

10.- O aparelador municipal, don Roberto Saavedra Vázquez, e, como suplente, a administrativa da sección de Planeamento e Xestión dona M<sup>a</sup> Victoria Doval García.

- Secretaria: a técnica de xestión de Administración xeral, dona M<sup>a</sup> Fernanda Montero Carré, e, como suplente, a administrativa da área de Secretaría dona Josefa Míguez Boquete.

Terceiro: Dado que a designación dos membros da mesa de contratación ten carácter permanente, publíquese no Boletín Oficial da provincia, para coñecemento xeral, de conformidade co disposto no artigo 79.2 do Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por R.D. 1098/2001 do 12 de outubro.

### **7º.- Proposta de aprobación do número, características e retribucións do persoal eventual.**

Vista a proposta do concelleiro delegado de Presidencia, Planificación e Réxime Interior de data 24 de agosto actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 28 de agosto de 2007.

A petición do Sr. alcalde-presidente, a secretaria accidental informa que, con data 29 de agosto de 2007, se presentou por Rexistro de Entrada ao nº 9.598, un voto particular que encabeza o voceiro do grupo municipal do BNG, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo.

Continúa a secretaria informando de que, tal e como contemplan os arts. 115 d) do Regulamento orgánico municipal e 97.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais aprobado por R.D. 2568/86, voto particular “é a proposta de modificación dun ditame formulada por un membro que forma parte da comisión informativa. Deberá achegarse ao ditame desde o día seguinte á súa aprobación pola Comisión, e presentarse a través do Rexistro de Entrada”.

A secretaria manifesta que o voto particular foi presentado por don Henrique Xabier Iglesias Oviedo quen, se ben é voceiro do grupo do BNG, non forma parte da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica, polo que o escrito presentado realmente é unha emenda, que se define no artigo 115 e) do Regulamento orgánico municipal como “a proposta de modificación dun ditame ou proposición presentada por calquera membro, e deberase facer por escrito a través do Rexistro de Entrada, antes das 15:00 horas do día anterior a aquel no que terán lugar a sesión”.

A pesar deste erro formal, a secretaria informa que o Sr. alcalde admitiu o escrito presentado polo BNG, ao se tramitar o voto particular e a emenda do mesmo xeito, e ser defendida a proposta alternativa polo voceiro do BNG na comisión informativa.

Continúa manifestando a secretaria accidental que a tramitación deste voto particular/emenda, unha vez presentado por escrito no Rexistro de Entrada, require que o Pleno do Concello, logo do debate sobre o asunto no seu conxunto, efectúe dúas votacións, a

primeira sobre a proposta de modificación do ditame, e a segunda sobre a proposta que foi ditaminada favorablemente pola comisión informativa.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo pide a palabra co fin de dar lectura ao voto particular presentado, do seguinte teor literal:

“O sistema político do que nos temos dotado baséase, entre outros principios constitucionais, no funcionamento dos grupos políticos como instrumento de representación, control e goberno. Toda a normativa e lexislación derivada da nosa Constitución fai especial atención ao respecto a estes principios e, regula precisamente os límites das maiorías para garantir, en calquer caso, que as minorías poidan exercer as súas funcións con todos os dereitos e contando cos medios adecuados ás posibilidades de cada institución. Por iso, tan importante é para o sistema democrático que quen goberna teña a súa disposición os mellores instrumentos para exercer a súa función executiva, como que, os grupos da minoría – ou non gobernantes- contén, asemade, cos medios e instrumentos de traballo adecuados para desenvolver acoidadamente a súa función de elaboración de propostas e alternativas e, tamén, de control e fiscalización do labor executivo.

E isto é especialmente importante en Concellos que, como o noso, tan só se reserva ao grupo de goberno a adicación política profesionalizada. Neste caso unha maioría de representantes eleitos que formamos a Corporación (14 sobre 21) e que formamos parte de 4 grupos municipais distintos debemos, no exercicio dos dereitos que nos corresponden, dotarnos de medios para desenvolver as nosas funcións de defensa dos intereses cidadáns.

O Grupo municipal socialista gobernante (7 sobre 21) ten a súa disposición toda a infraestrutura e medios humanos municipais e, ademais, conta coa adicación profesionalizada dos seus sete membros. Coa súa proposta de creación de prazas de persoal eventual pretende aumentar, en dous dos casos, o persoal político do seu grupo por unha vía que non foi a que decidíu o resultado electoral. Isto quedou aínda máis claro coas explicacións que o portavoz socialista deu na Comisión Informativa na que se dictaminaba o asunto: O asesor de comunicación adicárase a percibir as demandas informativas da poboación e a detectar as peticións e solicitudes cidadáns e, a canalizar a información. Ademais tamén trería como funcións “transmitir a información” aos GGMM na oposición. Funcións todas estas eminentemente políticas e propias, precisamente, dos concelleiros e concelleiras que forman o goberno. A que se van a dedicar os gobernantes entón? Poderíamos preguntarnos. Ademais, por acordo plenario, está pendente a constitución dunha Comisión Informativa Especial denominada: “de Participación cidadá e comunicación municipal” que será de onde partan as propostas par organizar e definir a comunicación

municipal. Tamén recentemente, despois dun concurso público, tense asinado o contrato cunha empresa de comunicación por perto de 19.000€ para levar a cabo unha parte desas funcións. Serían 49.000€ directos en comunicación ao que lle habería que engadir as partidas de protocolo e publicidade á disposición do goberno. No caso do Asesor de seguimento de proxectos, e tamén seguindo as explicacións xustificativas dadas, o seu papel sería o de seguir os proxectos e subvencións en curso e evitar que “se perdera un só euro”. Coidamos que a plantilla técnica, tanto fixa como eventual, coa que conta este concello é máis que suficiente e, desde logo, coa súa profesionalidade acreditada para garantir que as decisións municipais sobre proxectos e investimentos sexan cumpridas. É misión de quen toma as decisións, de quen goberna facer ese seguimento, marcar as prioridades de traballo do persoal municipal e exercer a función de control e de relación inter-institucional necesarias para que as directrices de goberno sexan cumpridas. O mesmo que no outro caso repetiríamos a pregunta: ¿a que se queren adicar entón o Alcalde e os seis tenentes de Alcalde do seu equipo?

A respecto da outra proposta incluída : de creación dunha praza de secretaria/o de grupo de goberno, manifestamos o noso acordo. Cremos que a coordinación do Grupo de Goberno e do propio GM que o sustenta, organizar a axenda, procurar e organizar a información sobre os asuntos de interese para o GM, atender comunicacións de todo tipo, etc..., fai preciso que unha persoa esté adicada a estas tarefas. Pero da mesma maneira todas estas funcións son imprescindíbeis en todos os GGMM sobre todo cando están na oposición e os seus componentes teñen que compatibilizar as súas profesións e traballos coa actividade municipal.

Por todo o exposto o Grupo Municipal do BNG de Cambre, ao aveiro do ROM formula este voto particular que plantexa a modificación da proposta sobre o número, características e retribucións do persoal eventual e somete á consideración e aprobación do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Creación dun posto de secretario/a de Grupo Municipal adscrito a cada GM legalmente constituido, cunha retribución de 20,908,67€ anuais.”

Aberto debate, don Francisco Javier Varela Tejedor manifesta que quere agradecer ao BNG a dialéctica e a didáctica da súa proposta, se ben non está de acordo co fondo, porque o Pleno, en sesión de 13 de xullo, xa aprobou as asignacións aos grupos políticos e, en segundo lugar, porque o labor dos asesores que propoñen non coincide co labor dos políticos, tal e como recolle a Lei da función pública de Galicia publicada no DOG de 27 de agosto pasado, pois dita lei recolle a realización de labores de apoio ao grupo de

gobierno. Tampouco coincide respecto da equiparación do asesor de comunicación co gabinete de prensa, pois non teñen nada que ver as funcións deste último co labor de recollida de datos do asesor. O certo é que, se ben non é discutible a profesionalidade dos funcionarios, si o é a cuantificación e cualificación que se require neste momento; o certo é que o Concello non ten suficiente número de funcionarios para atender este tipo de demandas, e por iso deben prever estas figuras de apoio.

Toma a palabra don José Antonio Baamonde, voceiro do PP, quen manifesta que vai comezar por dar a opinión do seu grupo sobre a emenda: o PP non pode estar a prol da proposta do BNG, porque a Corporación de Cambre, e así se fixou o 13 de xullo, tivo en conta a todos os grupos en función da súa representatividade e, por conseguinte, coa achega que lles corresponde, adminístranse eles mesmos e traballan eles mesmos, e, con esa cantidade que reciben todos, entenden que os grupos teñen que valerse por si mesmos, como así fai o PP, de verdade. Ten que comentar, ademais, que esta proposta chega tarde, pois hoxe en día si que é certo que os partidos da oposición temos medios para traballar; en cambio, na anterior lexislatura, non tiñan medios, e administrábanse coa décima parte dos medios de agora. Tampouco lle parece ben que un grupo municipal dun só membro teña un secretario/a. Ademais, se se multiplica por cinco as retribucións dos secretarios para todos os grupos municipais, elévase o gasto de persoal eventual respecto da proposta do grupo de goberno. Por tanto, terían estado de acordo con esta proposta na lexislatura pasada, na actual non.

En canto á proposta do grupo socialista, en canto ao número, baixa o número de persoas que son persoal eventual, e a súa contía económica. Vai deixar en interrogante o tema do asesor de comunicación que agarda que realmente se poida acudir a el, e que sexa una fonte de información para os cidadáns. Están de acordo co xestor de proxectos, pois pérdense subvencións por non ter persoal de dirección de obra. Por tanto, o voto do PP non vai ser a prol, pero vanse absteñer porque cren que o xestor de proxectos si pode ser positivo.

Intervén don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU, quen manifesta que o seu grupo está moi posicionado no tema da contención do gasto. Preferirían eliminar este tipo de gastos que repartir o pastel. Hai puntos nos que estarían de acordo coa proposta do BNG pero, seguindo coa liña de actuación do seu grupo, non poden estar de acordo na súa totalidade coa emenda presentada polo BNG.

Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), intervén para dicir que o Partido Galeguista está de acordo co fondo da emenda do BNG. Realmente el non ten argumentos para xustificar que necesite unha secretaria, parécelle excesivo, pero pareceríalle ben que houbera unha soa para todos os grupos da oposición. Os medios que se aprobaron polo pleno considera que están ben para o PS de G-PSOE e PP porque, con esas axudas, xa teñen unha cantidade aceptable, pero non é así para o PG. Por tanto, está claro que se lles dá por un lado e se lles quita por outro, posto que se reduciron as cantidades que se cobran por acudir aos plenos e comisións, que se baixaron á metade. Lembra que fai catro anos o voceiro do PP reclamaba neste salón que querían unha media dedicación para o PP, que tiñan antes na oposición. Agora, non obstante, non lle interesa ao PP nin media dedicación nin unha enteira. Cobrábase o dobre por asistir aos plenos, pero agora sae mellor percibir as asignacións por partidos. Cre, non obstante, que fai falta xente.

Intervén don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, para dicir que xa esperaba que a súa proposta non fose ben acollida. Sabe que están na oposición, e neste caso cre que formularon unha proposta que é boa para os concelleiros da oposición, para que poidan facer o seu traballo, e non lles parece lóxico que se apoie por activa e por pasiva, como o PP, a un goberno en minoría nunha proposta que está para traerlles recursos aos grupos da oposición. Agradece as felicitacións recibidas, pero ten algo claro: que o que manda é o número de votos, e as decisións así tomadas son lexítimas. Pero, non obstante, no debate dos plenos hai algo que lle preocupa moito dende o punto de vista ético e político, e é que se fai referencia ao aforro, como di o voceiro de EU-IU, pero cre que este grupo ten que ser coherente co que fai o seu partido noutros sitios, como en Ferrol, pero ao que ía é a que se está falando de gasto en canto á función que os concelleiros teñen aquí, polo que manifesta que os sistemas que non gastan son superados; as ditaduras non gastan, porque non hai representantes electos; como xa se di nunha moción presentada por Rexistro, as democracias non gastan: invirten para facilitar o traballo dos representantes, e teñen que usar ben estes fondos. O que o seu grupo quere é que unha corporación plural, representada por cinco grupos políticos, teña medios suficientes; o PP, se o desexa, que se absteña, e permita que o PS de G-PSOE traia a dous concelleiros máis pola porta de atrás. O BNB, porén, actuará.

Toma a palabra o voceiro do PS de G-PSOE, don Francisco Javier Varela Tejedor, quen sinala que no pleno do día 13 de xullo a súa postura era de conter o gasto, non favorecer o investimento. A proposta do BNG suporía un incremento do gasto.

Intervén de novo o voceiro do PP, don José Antonio Baamonde, quen di que non pensa entrar en discusión con ninguén. Cre que o Sr. Iglesias Oviedo non é a persoa adecuada para falar de ética nin de moral. Ten máis de 12.000 € de feito, dispón de preto de 21.000 € que é o que custaría a secretaria do seu grupo. Respecto do Sr. Marante, quere contestarlle que na lexislatura anterior, el era o voceiro do PP, e agora segue no PP, non como Marante, que pasou do PS de G-PSOE ao PG. Dille que se atopa algunha acta na que algún concelleiro do PP reclamase unha dedicación exclusiva, que a traia, porque iso é mentira. O Sr. Baamonde dille que para que quere cobrar máis ou menos, se é concelleiro do PG dende fai tres meses, e no primeiro pleno desta corporación recoñeceu que non tivera tempo para estudarse os temas; no seguinte pleno ordinario non apareceu nin xustificou a súa ausencia, e hoxe, ven .... ¿a que? Todos os outros grupos, PP, BNG, EU, presentaron mocións, preguntas, rogos, menos o Partido Galeguista.

Pedida a palabra por alusións, o Sr. Marante responde que mirará as actas dos plenos nas que o PP pedía dedicación. En segundo lugar, manifesta que el non se queixa do que cobra. Cando non puido preparar os temas do pleno foi por estar preparando unha romaría, non por estar divertíndose nela, pois as comisións e o pleno foron a véspera e ao día seguinte, e iso xustificouno verbalmente á secretaria, que fixo constar en acta que presentou escusa, pero, non obstante, non ten por que darlle escusas ao voceiro do PP. Termina dicindo que o seu traballo o organiza á súa maneira.

Finalizado o debate, sométese primeiramente a votación ordinaria a proposta de modificación do ditame, que obtén os votos a prol dos catro concelleiros do BNG e o voto do concelleiro do GM (PG), os votos en contra dos sete concelleiros do PS de G-PSOE e dos sete concelleiros do PP, e a abstención do concelleiro presente de EU-IU.

A proposta é rexeitada, por tanto, por catorce votos en contra e cinco a prol.

Sometida a votación ordinaria a continuación a proposta obxecto de ditame pola comisión informativa, votan a prol os sete concelleiros do PS de G-PSOE, en contra os catro concelleiros do BNG e o concelleiro do GM (PG), e abstéñense os sete concelleiros do PP e o concelleiro presente de EU-IU.

A Corporación, por sete votos a prol, acordou:

Modificar o cadro de persoal e Relación de postos de traballo do Concello de Cambre, aprobados pola anterior corporación Pleno en sesión ordinaria de data 29 de marzo de 2007, segunda continuación se indica:

a) No cadro de persoal o número de prazas de persoal eventual queda como segue:

Denominación da praza	Número de prazas
Asesor/a en xestión de proxectos	1
Asesor/a de comunicacións	1
Secretaria do grupo de goberno	1

b) Na relación de postos de traballo:  
Segundo fichas e detalle que se uniron á proposta.

**8º.- Proposta de derogación da Ordenanza Fiscal nº 20, reguladora da taxa de actividades extraescolares.**

Vista a proposta formulada polo concelleiro delegado da área de Facenda, Comercio e Emprego de data 21 de agosto de 2007.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 28 de agosto de 2007.

Sometida a proposta a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PS de G-PSOE, os sete concelleiros do PP e o concelleiro presente de EU-IU, e abstéñense os catro concelleiros do BNG e co concelleiro do GM (PG).

Así pois, a Corporación, por quince votos a prol, acordou:

Primeiro: Derrogar, con efectos de 30 de setembro, a ordenanza fiscal núm. 20, reguladora da taxa por actividades extraescolares municipais.

Segundo: Facer constar que as ordenanzas fiscais vixentes na actualidade non sinaladas nos acordos precedentes, continuarán vixentes ata que non se acorde a súa modificación ou derogación.



Terceiro: Expoñer ao público no taboleiro de anuncios do Concello os citados acordos provisionais, durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto lexislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Cuarto: Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que unha vez transcorrido o período de exposición pública procede adoptar.

### **9º.- Proposta de establecemento de prezo público por actividades extraescolares municipais.**

Vista a proposta formulada coa data de 21 de agosto de 2007 polo concelleiro delegado da área de Educación, Xuventude e Deportes, coa conformidade do concelleiro delegado da área de Facenda, Comercio e Emprego.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 28 de agosto de 2007.

Aberto debate, don José Antonio Baamonde, voceiro do PP, manifesta que, estudada máis a fondo a documentación, o PP non está de acordo con este aumento do prezo das actividades extraescolares porque, xa que levan conxelados dous anos, pensan que poderían quedar conxelados un ano máis. Entenden que a aprobación desta taxa iría en contra dos veciños. Ademais, non se recadaría moito máis diñeiro, e poderíase sacar diñeiro doutras partidas como restrinxindo actos protocolarios. Por iso, o seu voto non vai ser favorable.

Toma a palabra don José Venancio Salcines Cristal, do PS de G-PSOE, quen di que, hoxe por hoxe, que un dos nosos fillo faga algunha actividade custa 6,5 €/mes; se fai dous serían oito euros. É unha contía pequena. O que plantean é unha suba dun euro. Isto plantexase porque levan dous anos de conxelación e iso provoca que o custo real sexa

superior. O custo real por actividade é duns 45 € do que só cubren uns oito euros. A actividade vale cinco veces máis. A suba da taxa implicaría que, en vez de cubrir o 20% se pase a cubrir o 24% de custo. É unha actividade que se pode permitir mantelas, pero a filosofía da proposta é intentar reducir déficit, máxime se iso non supón un sobrecusto para as familias de Cambre. Esta ordenanza deixa salvadas a familias sen recursos, porque, logo de informe de Servizos Sociais, quedarían exentas de pago.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro de BNG, intervén para manifestar o sentido do seu voto, que foi de abstención na comisión informativa, e van a mantelo; non lles parece desatinada a suba dun euro, e continuar coas actividades extraescolares é algo que hai que apoiar. A súa abstención é activa, preocuparíalles que houbera votos en contra desta proposta.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiro do PS de G-PSOE, o concelleiro presente de EU-IU e o concelleiro do GM (PG), e abstéñense os sete concelleiros do PP e os catro concelleiros do BNG.

Así pois, a Corporación, por nove votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o establecemento do prezo público por actividades extraescolares, e aprobación do réxime regulador do mesmo, que se achega como anexo.

Segundo: Publicar para o seu xeral coñecemento no boletín oficial da provincia segundo o disposto no artigo 59.6 a) da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro: O presente acordo de establecemento do prezo público entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no boletín oficial da provincia.

**“ANEXO**  
**Acordo regulador do Prezo**  
**Público por Actividades Extraescolares Municipais**

**Artigo 1º. - Fundamento e natureza.**

Ao abeiro do previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, ambos do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, regulador das facendas locais, este Concello establece o prezo público por actividades extraescolares municipais regulado polo presente.

### **Artigo 2º. - Concepto.**

Os prezos públicos aquí regulados constitúen prestacións patrimoniais de carácter público que se satisfarán polos usuarios que voluntariamente soliciten algunha das actividades extraescolares municipais.

### **Artigo 3º. - Obrigados ao pagamento.**

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza, quen solicite ou se beneficie das actividades realizadas por este Concello a que se refire o artigo anterior.

### **Artigo 4º.- Contía.**

1. A contía do prezo público do Programa de Actividades Extraescolares determinarase aplicando as tarifas do cadro seguinte:

<b>Tarifa mensual</b>	<b>Programa de Actividades nos Centros Escolares</b>	<b><u>uros</u></b>
1	Participación nunha actividade cultural ou deportiva, ou outra actividade (de 75 minutos de duración semanal)	7,50
2	Participación en dúas actividades: unha cultural ou outra e unha actividade deportiva ou outra (de 75 minutos de duración semanal cada actividade)	9,00
<b>Tarifa mensual</b>	<b>Programa de Outras Actividades</b>	<b>Euros</b>
3	Informática (curso de 60 minutos de duración semanal)	7,50
4	Escola de Tenis (curso de 75 minutos de duración semanal)	7,00
5	Escola de Xadrez (curso de 90 minutos de duración semanal)	4,50
6	Ciclismo	4,00
7	Hockey sobre patíns (curso de 75 minutos de duración semanal)	7,00
8	Participación nunha actividade cultural ou deportiva, ou outra actividade (de 75 minutos de duración semanal)	7,00

<b>Tarifa por hora</b>	<b>9</b>	<b>Programa de actividades extraescolares en periodos vacacionais</b>	<b>Euros</b>
		9.1. Programa de ata 15 horas de duración	1,66
		9.2. Programa de 16 ou máis horas de duración	1,50

As persoas non empadroadas no municipio de Cambre terán un suplemento do 50 por 100 nas tarifas do “Programa de Actividades nos centros escolares” e dun 100 por 100 no de “Programa de Outras actividades”.

2. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, a contía do prezo público será a que fixe, en cada caso, o Pleno da Corporación, ou en caso de delegación polo mesmo, a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 47 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

A Xunta de Goberno Local de acordo co artigo 44, apartado 2, do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo poderá fixar prezos públicos que non cubran o custe do servizo ou actividade prestado, dado que nestes casos concorren razóns sociais, culturais ou de interese público que así o aconsellen, ao perseguir con estas actividades a consecución do mandato establecido na Constitución española de promoción e tutela do acceso á cultura (artigo 44).

3. A cota do Programa de actividades extraescolares verase reducida na porcentaxe que se sinala en cada un dos supostos seguintes:

- As persoas que acrediten formar familia numerosa, o 50 por 100 da cota.
- Cando se inscriba máis dun irmán dunha unidade familiar no mesmo programa, que non formen familia numerosa, ao primeiro cobraráselle o 100 por 100 da cota e aos seguintes un 50 por 100 da cota. En todo caso, o desconto aplicarase sempre ás cotas menores.
- As persoas que acheguen informe remitido polos Servizos Sociais do Concello de Cambre, o 100 por 100 da cota.

- Cando unha mesma persoa se inscriba en máis dunha actividade do mesmo programa de Outras Actividades, pagará o 100 por 100 da cota da actividade de maior importe e o 50 por 100 da menor.

En caso de ter dereito a máis dun desconto, só se aplicará o maior deles.

As reducións, só serán de aplicación a aquelas persoas que figuren empadroadas no municipio de Cambre.

#### **Artigo 5º. - Obriga do pagamento.**

1.- A obriga do pagamento do prezo público nace dende que se inicie a realización da actividade, prorrateándose o cobro do prezo en trimestres.

2.- Para os efectos, o ingreso do prezo público realizarase nos últimos 15 días de cada trimestre (periodo de cobro) e mediante domiciliación bancaria, que é obrigatoria.

3.- A baixa na actividade deberá ser solicitada polos interesados por escrito ante o rexistro municipal e causará efectos ao mes seguinte. Aplicarase o mesmo criterio ás altas nas actividades.

4.- Nos supostos de altas ou baixas nunha actividade o importe do prezo público se prorrateará por meses.

5.- No suposto de que por causas non imputables ao interesado deixara de realizarse a actividade solicitada procederase á devolución do prezo público.

#### **Artigo 6º. - Infraccións e sancións.**

As infraccións e sancións rexeranse polo disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e a súa normativa de desenvolvemento.”

#### **10º.- Expediente de suplemento de crédito e crédito extraordinario número 1/07.**

Vista a proposta formulada coa data do 23 de agosto de 2007 polo concelleiro delegado da área de Facenda, Comercio e Emprego.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 28 de agosto de 2007.

Aberto debate, don José Venancio Salcines Cristal, do PS de G-PSOE, intervén para explicar a proposta. Nalgúns casos, nunhas partidas increméntase o seu crédito porque a partida non chegaba, e hai outras que non existen e pasan a crearse; son os suplementos de crédito.

Prodúcese un incremento do servizo de axuda a domicilio, dado o incremento do número de usuarios, e en obras de saneamento e abastecemento para potenciar tanto o saneamento como o abastecemento no municipio de Cambre. Tamén se cambia un renting dun coche pola compra dun vehículo, e se prepara a partida para facer colectores en Cambre. Iso non supón incrementar o nivel de débedas do concello, porque se vai facer uso de remanente, o que non eleva o nivel de débeda.

Intervén neste momento don José Antonio Baamonde, voceiro do PP, quen di que non están a prol da proposta, pero, por responsabilidade, o seu grupo vaise abster, porque iso significa a mala xestión do goberno, xa que hai partidas incrementadas en máis dun 100%. Faranse obras importantes, pero é importante que iso non implique máis endebedamento; non obstante, queda plasmada a mala situación económica do concello. Por iso, se van abster.

Toma a palabra don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PS de G-PSOE, que di que non está de acordo coa postura que amosa o PP, pois esta situación non se produce por unha mala xestión do goberno, senón polo mal funcionamento do sistema de subvencións en xeral. A veces, para poder utilizar unha subvención que ninguén tiña previsto, necesitan levar a cabo obras non previstas, pero iso débese a un mal sistema de subvencións.

Toma a palabra don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, que di que é un mecanismo habitual na xestión dos gobernos municipais facer varios expedientes destes ao ano. Ata aquí, non hai nada que dicir. Hai destinos do diñeiro que se move que son interesantes, pero non obstante, non poden dar o seu voto favorable. Isto podería implicar abstención, pero hai dous aspectos da proposta que non se poden apoiar; destinar 30.000 € ao coche oficial, cando un dos argumentos que se usan é o da contención, e, polo tanto, non lles parece ben, pois ao mellor se podería suprimir este gasto, e outra partida sería a de

55.000 € para pagar unha indemnización a uns veciños por unha sentenza xudicial firme, que condena por unha mala xestión política que ven dende 1991. Consultaron os termos da sentenza, e iso os leva a votar en contra.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde, manifesta que está de acordo co BNG. Estaría a prol de certas cousas por separado, pero en conxunto, non poden aprobalo, pola multa derivada da sentenza e outros aspectos, por iso van votar en contra, como na comisión informativa.

Solicita a palabra don Francisco Javier Varela Tejedor quen, en canto á compra do coche, sinala que esta substitúe a un expediente anterior, a un renting para un vehículo, que se aprobou no seu día co voto favorable do BNG. O incremento do déficit da axuda social tamén foi orixinado por una concellería dirixida polo BNG, que pasou dun custo de tres mil a nove mil euros, e con iso non quere dicir que non estean de acordo con manter estes gastos, pero pídelle ao voceiro do BNG que non llo reproche.

Don José Antonio Baamonde manifesta que, respecto do tema do coche, o seu voto sería tamén en contra, pero non obstante hai partidas e servizos sociais que son importantes para os veciños. Se antes había un gasto previsto para un renting duns 70.000 € e agora se reducen a 30.000 € solicita ao goberno local que intente baixar deste prezo. Ademais, respecto do BNG, dille que resulta estrano que alguen que no seu día utilizou o coche oficial, critique agora este gasto.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PS de G-PSOE, votan en contra os catro concelleiros do BNG e o concelleiro presente de EU-IU, e abstéñense os sete concelleiros do PP e o concelleiro do GM (PG).

Así pois, a Corporación, por sete votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito e crédito extraordinario número 1/2007 por importe de 336.869,20 euros nas partidas orzamentarias seguintes:

Aplicación orzamentaria		Crédito anterior	Suplemento de crédito	Crédito definitivo
200.121.622	Edificios Municipais	607.945,00	27.223,52	635.168,52
300.432.611	Investimentos en infraestructura urbana	701.230,48	16.473,00	717.703,48

200.121.22608	Gastos diversos administración xeral	2.500,00	55.349,40	57.849,40
401.313A.22706	Servizo de axuda a domicilio	57.259,23	84.000,00	141.259,23
200.121.202	Arrendamento oficinas xerais	15.211,77	12.866,28	28.078,05
300.441.611	Outras obras de saneamento e abastecemento	527.867,17	90.000,00	617.867,17
	Subtotal	1.912.013,65	285.912,20	2.197.925,85
Aplicación orzamentaria		Crédito anterior	Crédito extraordinario	Crédito definitivo
200.111.624	Vehículos oficiais	0,00	30.000,00	30.000,00
300.441.620	Terreos para saneamento	0,00	20.957,00	20.957,00
	Subtotal	0,00	50.957,00	50.957,00
	Total	1.912.013,65	336.869,20	2.248.882,85

Nas que as partidas orzamentarias de investimentos corresponden aos seguintes proxectos:

Partida	Proxecto		Importe
200.121.622	07-2-121003	Local para brigada de obras	27.223,52
300.432.611	06-2-432013	Acondicionamento contorno igrexa Sigrás	16.473,00
200.111.624	07-2-111000	Vehículo oficial desprazamentos	30.000,00
300.441.620	07-4-441000	Terreos para infraestruturas saneamento	20.957,00
300.441.611	07-2-441001	Outros investimentos en saneamento e abastecemento	90.000,00

A devanditas modificacións financiaranse con cargo á baixa do crédito na partida orzamentaria “200.111.204 Renting vehículo oficial por importe de 17.602,92 euros, e polo importe restante, 319.266,28 euros, ao remanente líquido de tesourería.

Remanente de Tesourería para gastos xerais ao comezo do exercicio	1.971.822,80
Disposto na incorporación de créditos 1/2007	603.902,64
Cantidade de remanente disponible nesta data	1.367.920,16
Cantidade a utilizar neste expediente	319.266,28
Cantidade de remanente sobranete	1.048.653,88

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efetuar as reclamacións que consideren oportunas.



Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.

### **11º.- Mocións.**

#### **A) Moción do grupo municipal do PP respecto da recuperación do “Camiño do Noceiro” Meixigo – Cambre.**

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, tratouse a seguinte moción.

Rexistrada de entrada ao nº 9.506 o día 27 de agosto de 2007, consta do seguinte teor literal:

“Sendo o lugar de Meixigo unha das zonas menos favorecidas historicamente e gran olvidada por parte do noso concello e tendo sido solicitado en numerosas ocasións e dende hai varios anos, por medio de reunións así como entrevistas por parte dos veciños do lugar, o grupo municipal popular súmase a todas estas peticións para a recuperación do “Camiño do Noceiro” (camiño oficial de acceso de Meixigo a Cambre) coa presentación desta moción acompañada por máis de 100 firmas dos veciños residentes do citado lugar (Meixigo), considerando por parte do grupo municipal popular que a materialización desta acción resultaría beneficiosa para todos os que formamos parte deste concello.

Coa súa recuperación poderá ser usado principalmente polos veciños desta zona, moitos deles que camiñan a Cambre a diario para poder atender a servizos básicos e necesarios como supermercados, farmacia, centro de saúde, bancos, etc., en primeiro lugar aforrando un largo percorrido coa ganancia no seu tempo de desprazamento e en segundo lugar, como causa esencial e primordial, non xenerando un perigo para a súa propia integridade física á hora de ter que desprazarse pola estrada que, ante a carencia de beirarrúas, xenera e orixina un serio perigo de atropelo, maximizado aínda máis polo notable volume de circulación que soporta.

Coa reparación deste camiño co seu bello contorno paisaxístico, recupérase parte da nosa historia e tradición, sendo un lugar perfecto para pasear todos os nosos veciños con rutas de sendeirismo, que ademais comunicaría o paseo fluvial con dito camiño e que serviría de acceso ao río para os veciños de Meixigo e San Lourenzo.

A obra de recuperación non resultaría moi cara preparando o camiño (de menos dun quilómetro de lonxitude) con zahorra e abrindo á súa vez unha cuneta por un lateral para que se poida aliviar a auga e así evitar os posibles charcos que se orixinan en época de choivas. Solicítase así mesmo a canalización dun manantial chegando á altura da ponte “do Noceiro” para que servise de drenaxe e que non se inunde, xa que en época invernal se converte nunha zona que resulta intransitalbe para os peóns.

Coa materialización desta obra proposta aos membros do goberno municipal paliaríamos a débeda histórica cos numerosos veciños deste lugar do noso concello.

Por estas razóns o grupo municipal popular do Concello de Cambre presenta, para o seu debate e aprobación plenaria a seguinte proposta

A recuperación de forma urxente do “Camiño do Noceiro” (camiño oficial de acceso de Meixigo a Cambre) para o seu uso peonil, levando a cabo a execución da mencionada obra, a ser posible, antes de que entremos en época invernal para así poder efectuar a súa materialización, o no seu caso, dotando para iso dunha partida orzamentaria específica de cara aos vindeiros orzamentos do ano 2008”.

Aberto debate, don Antonio Varela Saavedra manifesta que é certo que hai unha débeda histórica. É certo que este camiño xa estaba nun paquete do ano 2007, pois había un compromiso de arranxalo unha vez feita a ponte; arranxaríase con pedra, e a ver se se pode facer en outubro ou por aí.

Toma a palabra don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, quen sinala que o seu grupo vai apoiar esta moción, e felicita a quen a presentou.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PS de G-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, o concelleiro presente de EU-IU, e o concelleiro do Grupo Mixto (PG).

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

A recuperación de forma urxente do “Camiño do Noceiro” (camiño oficial de acceso de Meixigo a Cambre) para o seu uso peonil, levando a cabo a execución da mencionada obra, a ser posible, antes de que entremos en época invernal para así poder

efectuar a súa materialización, o no seu caso, dotando para iso dunha partida orzamentaria específica de cara aos vindeiros orzamentos do ano 2008.

**B) Moción do grupo municipal do BNG respecto da impugnación e proposta de rectificación do acordo plenario de 13 de xuño de 2007 de organización polo que se decidiu a creación dos órganos colexiados municipais, a súa composición e o réxime de reunións.**

A petición do Sr. alcalde, a secretaria accidental sinala que, tal e como contempla o artigo 115 c) do Regulamento orgánico municipal, as mocións presentadas por escrito deben presentarse no Rexistro de Entrada cunha antelación de tres días á sesión do pleno onde se vaian tratar. Dado que o pleno se convocou para o día 30 de agosto, e que a moción do BNG foi presentada no Rexistro de Entrada o día 28 de agosto e rexistrada ao nº 9.551, non se cumpre co prazo de tres días de antelación requirido no Regulamento orgánico municipal, sen prexuízo da posibilidade de formular oralmente a moción ante o Pleno.

O Sr. alcalde don Antonio Varela Saavedra, manifesta que, dado que a moción se presentou fóra de prazo, comprométese a incluíla no seguinte pleno.

Toma a palabra don Francisco Javier Varela Tejedor, quen solicita ao voceiro do BNG que retire a moción deste pleno, co fin de poder estudala, iso tendo en conta que se emitiu informe da secretaria xeral sobre o asunto a que se refire a moción.

Intervén o Sr. Henrique Xabier Iglesias Oviedo, quen di que, efectivamente, houbo un defecto no prazo de presentación, pero que aínda así o Pleno pode votar sobre a urxencia e decidir se a inclúe ou non. Considera que se trata dunha moción urxente, polo asunto do que trata, sen prexuízo de que non elimina outras vías de reposición da legalidade. Continúa sinalando que é precisamente pola emisión do informe xurídico polo que presenta esta moción, e para iso existe un mecanismo que é votar sobre a urxencia. Por iso solicita que o Pleno se pronuncie respecto da declaración de urxencia.

Don Francisco Javier Varela Tejedor sinala que non é que se estean pronunciando en contra da moción en canto ao asunto que trata, senón da urxencia de incluíla neste pleno.

Sometida a votación ordinaria a declaración de urxencia, votan a prol os catro concelleiros do BNG e o concelleiro presente de EU-IU, votan en contra os sete concelleiros do PS de G-PSOE e os sete concelleiros do PP, e abstense o concelleiro do GM (PG).

Así pois, a secretaria accidental sinala que non se aprobou a declaración de urxencia, ao non ter obtido os once votos que constitúen maioría absoluta.

Á vista do anterior, non se entra a debater sobre o fondo do asunto, quedando a moción pendente de ser tratada no vindeiro pleno ordinario que teña lugar.

**C) Moción do grupo municipal de EU-IU respecto da construción de servizos no cemiterio municipal de Cambre.**

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, tratouse a seguinte moción.

Rexistrada de entrada ao nº 9.504 o día 27 de agosto de 2007, consta do seguinte teor literal:

“O grao de crecemento acadado no noso concello nos últimos anos, non se corresponde coa dotación dalgúns servizos públicos necesarios. Este é o caso dunha necesidade longamente demandada e sentida polas persoas, que na súa maioría son de avanzada idade, e acoden diariamente ao cemiterio municipal, o cal carece duns servizos hixiénicos onde poder realizar as súas necesidades.

Non é infrecuente contemplar nas inmediacións da zona, en lugares de descanso, como son tamén utilizados simultaneamente como evacuatorios das necesidades fisiolóxicas. Non é isto un problema de educación (que evidentemente, si o é nalgún caso) senón que tamén hai que ter en conta os problemas que sofren as persoas maiores.

A mencionada obra, que sen ter un elevado custo, sería de gran utilidade para as persoas que por motivos propios do lugar visitano de forma asidua, é a obrigaón da administración local de dotar os veciños/as de infraestruturas coma as mencionadas, tratando de dar unha imaxe positiva do lugar e atendendo as demandas sociais dos cidadáns.

Polo exposto, o grupo municipal de EU-IU propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Que por parte dos servizos técnicos municipais, se elabore un proxecto para dotar as instalacións do cemiterio municipal de Cambre, de servizos hixiénicos de uso público, debidamente acondicionados.

Segundo: Que se dote o cemiterio dun aparello elevador de cadaleitos, solicitado pola nosa formación política nos plenos ordinarios de marzo de 1997, abril de 1998. E máis recentemente en escrito presentado no rexistro municipal con data de 11 de outubro de 2006.”

Toma a palabra dona Erundina Prado Arcay, do PS de G-PSOE, quen sinala que están de acordo, que hoxe xa hai un proxecto elaborado por técnicos, e agardan un segundo orzamento; o elevador xa está contratado, e hai un proxecto para suprimir a grava que está en fase de contratación. Os servizos colocaranse ao fondo de todo, lindando coa parte de abaixo.

Sometida a votación ordinaria a moción, votan a prol os sete concelleiros do PS de G-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, o concelleiro presente de EU-IU, e o concelleiro do Grupo Mixto (PG).

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Que por parte dos servizos técnicos municipais, se elabore un proxecto para dotar as instalacións do cemiterio municipal de Cambre, de servizos hixiénicos de uso público, debidamente acondicionados.

Segundo: Dotar o cemiterio municipal dun aparello elevador de cadaleitos.

**D) Moción do grupo municipal de EU-IU respecto da axuda aos damnificados polo terremoto en Perú.**

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, tratouse a seguinte moción.

Rexistrada de entrada ao nº 9.504 o día 27 de agosto de 2007, consta do seguinte teor literal:

“ Ante o desastre natural e o drama acontecido no Perú, e máis concretamente nos departamentos de Lima e Ica, que con motivo do terremoto do día 15 do mes actual, que ocasionou unha catástrofe humanitaria, con centos de mortos e miles de damnificados. Ante unha catástrofe desta magnitude, debemos sumar os nosos esforzos ao resto da comunidade internacional.

Parece que estes pobos están lonxe de nós, pero os seres humanos non teñen diferencias, habiten no lugar que habiten na cada vez máis pequena Aldea Global que compartimos.

Os cambreses/as temos demostrado, en moitas ocasións, a nosa solidariedade cos que padecen estas catástrofes, sendo un exemplo en apoio aos débiles.

Hoxe, moitos/as seres humanos afectados pola traxedia, precisan da nosa axuda, polo que o grupo municipal de EU-IU, consideramos que debemos dar un paso adiante, empezando pola institución que nos representa a todos/as.

Polo exposto, o grupo municipal de EU-IU, propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: O Concello de Cambre amosa a súa solidariedade aos damnificados, ante a catástrofe humana sufrida no Perú, e na medida do posible actúe de intermediario para que o voluntariado humano e achegas materiais, e económicas, xurdidas no noso concello poidan ser canalizadas pola nosa institución municipal.

Segundo: Aprobar unha axuda económica extraordinaria a cargo dos orzamentos do ano 2007, que contribúa a paliar as necesidades ocasionadas polo desastre, en unha contía mínima de 6000 euros.

Terceiro: Que voluntariamente os membros da corporación, destinen as súas axudas de custo por asistencia a este pleno municipal, para contribuír a causa exposta nesta moción.”

Toma a palabra don Francisco Javier Varela Tejedor, que sinala que está plenamente de acordo co fondo da moción, dado o sufrimento que supón para Perú o terremoto ocorrido, catástrofe que se ceba sempre cos máis pobres. Non obstante, non están de acordo coa forma, porque este concello forma parte do Fondo Galego de Solidariedade, a

través do cal se vai realizar a achega. Este concello conta tamén con ONGs non lucrativas, que prestan axuda desinteresada, e polo tanto, o concello xa contribúe con cantidade suficiente. En terceiro lugar, están de acordo con que cada membro da corporación destine unha axuda que, no caso do PS de G-PSOE, non sería o importe da asistencia ao pleno, senón que cada un achegará o que estime oportuno.

Intervén don José Antonio Baamonde, voceiro do PP, quen manifesta que está de acordo en amosar a súa solidariedade con todos os lugares onde haxa catástrofes. Non están de acordo, non obstante, co segundo punto, porque o concello ten escasos recursos. Os concelleiros do PP poden decidir polo seu diñeiro, non polo do resto dos cidadáns, que poden facer as achegas que desexen, e si están de acordo co terceiro punto e, polo tanto, que os membros da corporación que queiran deixar as súas axudas de custo así o fagan. O voceiro do PP, dende logo, vai donar a súa axuda de custo, pero non obstante, non están de acordo co punto segundo.

Intervén don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, quen sinala que coincide con todos no fondo. Non é a primeira vez que se aproban este tipo de medidas; as axudas pequenas é mellor sumalas ás de outros, e para iso están no Fondo Galego de Cooperación, que coopera precisamente para aglutinar esforzos. Cre que debe aprobarse a declaración solidaria, quizais parte do diñeiro podería mandarse e, facer un chamamento á colaboración voluntaria cos medios de información de que dispón o concello, e darlle publicidade á campaña. A xente quere ser solidaria, pero non sobre todo.

Don Francisco Javier Varela Tejedor manifesta que está de acordo coa declaración do voceiro do BNG, se se poñen os medios a disposición e se promove que a axuda se canalice a través do Fondo Galego de Solidariedade.

Don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU, declara que está de acordo coas modificacións propostas.

Toma a palabra don Manuel Marante Gómez, do GM (PG) quen di que está de acordo con estas propostas, e quere que a súa asignación por asistencia a este pleno se done a través de Fondo Galego de Cooperación, xa que hai desgrazas noutros sitios, ademais de en Perú.

Sometida a votación ordinaria a modificación da parte dispositiva da moción proposta polo PS de G-PSOE e BNG, votan a prol todos os concelleiros presentes (PS de G-PSOE, PP, BNG, o concelleiro presente de EU-IU e o concelleiro do GM).

Sometida a votación ordinaria a moción presentada por EU-IU, votan en contra todos os concelleiros presentes do PS de G-PSOE, PP, BNG, EU-IU e PG (GM).

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: O Concello de Cambre amosa a súa solidariedade aos damnificados ante a catástrofe humana sufrida no Perú, e na medida do posible actuará para que as axudas económicas se canalicen a través do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, e porá os medios de difusión con que conta o Concello de Cambre ao dispor da realización de campañas de chamamento á colaboración voluntaria.

Segundo: Que voluntariamente os membros da Corporación destinen as súas axudas de custo por asistencia a este pleno municipal para contribuír á causa exposta nesta moción.

### **12º.- Informes da Alcaldía.**

A secretaria accidental dá lectura á Resolución da Alcaldía do día 20 de agosto de 2007, de modificación da Resolución da Alcaldía do 9 de xullo actual, e que conta do seguinte teor literal:

“Vista a resolución da Alcaldía de data 9 de xullo de 2007, na que, en uso das atribucións que lle confire ao alcalde o artigo 21.a) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en canto á dirección do goberno e administración municipal, se crean as áreas de goberno municipal, coas denominacións e ámbito material que a cada área lle corresponden.

Constatado que, na antedita resolución, non se fixo constar a inclusión, dentro da Área de Asuntos Sociais, Igualdade e Participación Cidadá, da materia relativa a sanidade e saúde pública.



En uso das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e artigo 44.1.a) e concordantes do Regulamento orgánico municipal, resolvo:

Primeiro: Modificar a resolución da alcaldía de data 9 de xullo de 2007, de creación das áreas de goberno municipais e adscripción de materias, co fin de incluír, dentro do ámbito material da Área de Asuntos Sociais, Igualdade e Participación Cidadá, a materia relativa a sanidade e saúde pública.

Segundo: En consecuencia co anterior, a Área de Asuntos Sociais, Igualdade e Participación Cidadá quedará integrada polos servizos e actividades relativos ás seguintes materias:

“ Prestación de servizos sociais e en concreto:

Integración e apoio á convivencia  
Atención á infancia e familias en risco  
Garderías infantís  
Orientación e mediación intercultural social  
Atención primaria  
Axuda a domicilio  
Teleasistencia  
Atención aos maiores  
Centros ocupacionais  
Persoas con dependencia  
Servizo de información e primeira acollida  
Centros de servizos sociais  
Estimular e promover a participación da muller á vida social  
Políticas de igualdade  
Programas específicos discapacitados  
Voluntariado social  
Promover e dinamizar os espazos de participación social  
Promoción do tecido asociativo  
Sanidade e saúde pública”

Terceiro: Dar conta desta resolución ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.”

### **13º.- Rogos e preguntas.**

#### **Rogos do PP presentados por escrito.**

1º.- A pista polideportiva de Anceis atópase nun estado lamentable, a rede lateral de protección atópase caída e a pista case non se pode nin utilizar. Actualmente, os arredores da citada pista estanse usando como entulleira, onde vemos táboas con puntas, marquesiñas e material de obra de todo tipo, coa perigosidade que iso trae consigo para os usuarios da citada pista. Este feito, xa o tiñamos denunciado ante o goberno local no pleno do pasado mes de abril, e tras ter recibido de novo as queixas veciñais, o grupo municipal popular roga ao goberno local de Cambre que limpe, repare e acondicione a pista para que os veciños da zona poidan utilizala e gozar destas instalacións.

Responde don Jaime López Lisnier que agora mesmo estase elaborando un prego, dado que non só esa pista, senón outras, están en mal estado, co fin de sacar a concurso o mantemento de todas as instalacións deportivas. Estamos pendentes dun concurso global para todas e neste momento está en mans dos técnicos.

Don José Antonio Baamonde, voceiro do PP, manifesta que hai entullos, táboas con puntas e material de obra perigoso. Don Jaime López Lisnier contéstalle que iso se vai levar de aí todo.

Don Francisco Javier Varela Tejedor sinala que, evidentemente, é certo o estado en que está a pista, e hai incluso informes de técnicos municipais. Así mesmo un compromiso respecto destes temas, e, de cara a unha maior economía no uso dos fondos públicos, vaise facer unha contratación xeral, que aforra custos a hora de manter o bo estado das instalacións.

2º.- No lugar do Corgo, parroquia de Brexo-Lema, obsérvase a falta de puntos de luz na estrada de Cambre a Lema, xusto ao iniciar a suba ao pasar o desvío cara a Meixigo, único tramo da mencionada vía que se atopa sen este servizo, a pesar de ter sido solicitado insistentemente polos veciños e usuarios desta; así como polos concelleiros do grupo municipal popular dende o ano 2003. Naquel momento, o anterior concelleiro de obras contestou que non había partida orzamentaria para facelo pero que se incluíría unha partida nos orzamentos do 2004 para a súa execución. Ante isto, e despois de ter transcorrido varios anos para a realización da obra, o grupo municipal popular solicita a instalación dos

puntos de luz necesarios para acadar unha correcta iluminación da zona en cuestión á maior brevidade posible.

Responde dona Beatriz Ramos Padín que hai un proxecto para efectuar este ano, e estamos pendentes dunha subvención de Industria que se mandou o pasado 28 de xuño. É un proxecto xa feito.

Don José Antonio Baamonde manifesta que xa é un proxecto anterior, xa concelleiros da anterior lexislatura se comprometeran a executalo cando se fixese a ponte de Cela, así que pide dilixencia e celeridade neste asunto.

3º.- No lugar de Altamira, o camiño que discorre por detrás dos almacenes “El Corte Inglés” atópase nun estado lamentable no tramo que pertence ao termo municipal de Cambre, ao contrario do que ocorre con este mesmo camiño nos tramos que pertencen a Carral e Culleredo respectivamente. Este feito, xa fora posto en coñecemento hai meses polos concelleiros do grupo municipal popular que ante a falta da súa reparación e facéndonos eco das protestas veciñais, solicita ao goberno local a súa reparación á maior brevidade.

Dona Beatriz Ramos Padín di que este camiño necesita un rápido acondicionamento; está incluído nun paquete de camiños, e haberá que facer un plan de acondicionamento.

Don José Antonio Baamonde solicita que, polo menos, se faga unha reparación provisional, pendente dun contrato máis amplo.

Dona Beatriz Ramos responde que o vai mirar.

4º.- O asfaltado da zona de detrás do “Hostal Alba” nos Campóns (Sigrás), está todo erosionado a causa das chuvias existindo un gran burato no medio. No mesmo lugar existen uns coches abandonados e precintados pola Policía Local, ante isto, o grupo municipal popular solicita o acondicionamento da zona e a retirada dos vehículos alí abandonados.

Responde dona Beatriz Ramos Padín que o terreo é privado, e non se fixo cesión ao Concello, o que limita a posibilidade de actuación.

Respecto do coche, trátase dun embargo por unha débeda dunha empresa de aluminios, que está no xulgado do Social.

5º.- Co fin de mellorar a seguridade viaria dos residentes da zona dos lugares do Souto (Sigrás) e Quintán (Cecebre), o grupo municipal popular solicita ao goberno local o pintado de dous pasos de peóns, un á altura do Souto en Sigrás onde está a marquesiña e outro paso de peóns enfronte das urbanizacións de “Os Castros do Bosque”.

Don Antonio Varela Saavedra sinala que estiveron falando do tema coa Xunta, e van mandarlle un esbozo para ver se poden facelo eles, xa que é da Xunta. Se non pudiesen, faríao o concello.

6º.- O asfaltado e sinalización do aparcamento situado nas naves enfronte do restaurante “Vila de Cambre” atópase co terreo totalmente desgastado e cheo de fochas o que orixinan charcos en época de chuvias, os coches aparcan no acceso ao terreo de calquera maneira impedindo incluso a visibilidade á hora de incorporarse á estrada de Lema co conseguinte risco de accidente. Por iso o grupo municipal popular solicita o acondicionamento e reparación da zona para evitar esas irregularidades do terreo e a ordenación ou sinalización na zona para un correcto aparcamento que impida os riscos aos vehículos que se incorporan á estrada de Lema.

Responde dona Beatriz Ramos Padín que no polígono de Cela as parcelas son particulares, pero farase unha reunión cos propietarios, para que o solucionen. Preguntados polo Sr. Baamonde polo aparcamento, don Antonio Varela Saavedra responde que falarán con Tojeiro, e estase xestionando a ver se co novo plan xeral se queda esa zona como solo urbano. Quedamos en que taparían as fochas eles, e nós axudaríamolos coa pintura das naves, etc. Pasadas as vacacións, volveremos a reunirnos.

### **Rogos de EU-IU presentados por escrito.**

1º.- No acceso de entrada á autoestrada na zona do Temple, existe un paso de peóns preto da rotonda. Considera o noso grupo que a proximidade da curva, impide visualizar coa suficiente antelación ás persoas, supoñendo un risco grave de accidentes.

O grupo municipal de EU-IU, prega ao goberno municipal, se estude a posibilidade de cambiar o mencionado paso, para evitar posibles accidentes e reforzar a seguridade viaria.

Responde dona Beatriz Ramos Padín, quen di que, efectivamente, ten razón, o paso de peóns estaba mal, pero xa entra nas obras da costa da Tapia cambiar varios.

Don Antonio Varela Saavedra sinala que no proxecto de obra da costa da Tapia que comezou a executarse esta semana xa vai incluído iso.

2º.- Os taboleiros de anuncios municipais, dispostos polas distintas parroquias do concello, cumpren unha función importante facilitando os veciños/as unha mellor información e coñecemento da actividade municipal. Algunhas parroquias carecen deste servizo.

O noso grupo prega se adopten as medidas axeitadas, para levar a cabo a instalación dos mencionados taboleiros nas parroquias onde non existan.

Responde Francisco Javier Varela Tejedor que, efectivamente, esa previsión existe; pedíronse orzamentos a diferentes empresas, cada panel vale un mínimo de 21.800 € por agora, vanse colocar un na Barcala e nos Campóns, e nos vindeiros exercicios irase dotando a outros lugares deles.

Don Luis Miguel Taibo Casás aclara que non se refiren a taboleiros luminosos senón que se refiren a uns taboleiros de anuncios pequenos que hai xa nalgunhas parroquias.

3º.- As corporacións locais poden e deben poñer os medios necesarios para facilitar o acceso á cultura de todos/as os veciños/as. Neste sentido, as bibliotecas municipais cumpren un importante papel, facilitando e achegando o legado cultural a cantas persoas desexen facer uso delas. A Lei 13/1982 de integración social para os minusválidos da Xunta de Galicia, no artigo 60, regula as obrigacións dos concellos para garantir este dereito, polo que se adoptarán as medidas adecuadas para facilitar o estacionamento dos vehículos automóbiles aos minusválidos con problemas de mobilidade, co obxecto de facilitar o seu acceso a lugares públicos como a biblioteca do Temple.

O noso grupo prega ao goberno municipal, que coa máxima urxencia se leve a cabo o acondicionamento dun espazo para aparcamento de vehículos de persoas con algunha discapacidade, nas inmediacións da biblioteca municipal “Os Templarios”.

Responde don Antonio Varela Saavedra que están negociando con Costas a posibilidade de retirar o bordo entre a estrada e o Paseo Marítimo, pero hai que xustificalo coa apertura da biblioteca, porque Costas non quere que se modifique. De ese xeito entrarían uns vinte coches.

4º.- En moitos lugares do concello os colectores de lixo carecen de protección e base de asentamento, o que supón un perigo para a circulación rodada.

O noso grupo prega ao goberno municipal, que leve a cabo a súa fixación.

Responde dona Beatriz Ramos Padín que cando hai perigo, solicítanse suxeicións ao Consorcio, que é o que leva o tema.

5º.- A parada de autobús no lugar do Cruceiro en Pravio, carece de resguardo para as persoas, a pesares de ser utilizada por numerosos veciños/as e escolares da zona.

Pregamos que con urxencia, e en todo caso antes do comezo do novo curso escolar, se realice un estudo para instalar unha marquesiña no mencionado lugar.

Responde Francisco Javier Varela Tejedor que a Policía Local fixo un informe sobre a situación das marquesiñas dos usuarios do transporte en que está esta parada. Agora mesmo están buscando financiamento, polo propio Concello e pola Xunta, a través do Plan galego de marquesiñas.

6º.- Detrás das naves do polígono industrial do Temple, discorre un pequeno regato que se atopa totalmente contaminado vertendo as súas augas directamente na ría.

- ¿Ten realizado o concello algún tipo de investigación para identificar aos responsables dos vertidos e o tipo de produtos que se botan?

- ¿Tense previsto algún tipo de actuación dirixida a eliminar tales vertidos e saneamento do regato?

Responde dona Beatriz Ramos Padín, quen sinala que nun principio foise á zona, e non hai constancia de que haxa verquido, pero aínda así viuse o resto da obra, para que a construtora a limpe. Trátase dun treito non canalizado.

### **Preguntas do PP presentadas por escrito.**

1ª.- O Concello de Sada ten no lugar de Espírito Santo unha importante zona industrial espontánea na que non dispón ou non funciona correctamente o sistema separativo de augas fecais e pluviais. Ditas augas sucias son enviadas á rede de sumidoiros do polígono industrial do Espírito Santo na súa cabeceira, provocando cando chove con intensidade media a saturación da rede de saneamento e a través dun aliviadero o excedente desvíase á rede de pluviais vertendo deste xeito directamente ao río unha mestura de auga de choiva con fecais.

Se a intensidade da choiva é importante, satúrase a rede de pluviais, que é claramente insuficiente para o polígono industrial e toda a zona industrial espontánea de Sada dado que é maior que o propio polígono esta última, puidendo verse polas rúas os restos de fecais que proveñen dos numerosos talleres, almacéns e salas de festas que verten a Cambre. Este problema medioambiental ven sendo denunciado dende hai anos polos empresarios do polígono que tamén se encargaron da investigación e busca das causas.

O grupo municipal popular de Cambre lamenta que as denuncias presentadas pola canle regulamentaria sexan ignoradas como neste caso e outras que son denunciadas nos medios de comunicación directamente (como no vertido á ría) son atendidas de xeito inmediato.

Estes feitos relatados foron denunciados no seu día pola comunidade de propietarios do polígono industrial do E. Santo aos servizos técnicos municipais, así como aos anteriores concelleiros de Urbanismo e Medio Ambiente, así como ao alcalde de xeito reiterado.

Por iso, o grupo municipal popular pregunta ao equipo de goberno que xestións se fixeron co Concello de Sada e que calendario hai para erradicar os problemas anteriormente mencionados.

Don José Antonio Baamonde solicita ao Sr. Presidente que permita ao Sr. Cubeiro Martínez explicar a cuestión.

Responde don Francisco Javier Varela Tejedor, que son conscientes do problema que se formula. Intentouse localizar as denuncias, pero nestes momentos os técnicos están de vacacións e non lle puideron dar os datos. Unha vez que os teñan,

dirixiranse ao Concello de Sada, e tamén ao SEPES, para que potencien a súa propia rede. Estarán de acordo co Sr. Cubeiro Martínez, para poder realizar xestións en común.

O Sr. Cubeiro Martínez sinala que o regato é o mesmo polo cal pregunta o grupo de EU-IU; as demandas veñen dende hai anos, e solicitáronse reunións co Concello de Sada que non chegaron a facerse.

Don Antonio Varela Saavedra manifesta que isto naceu como naceu, con ese problema. Sada esta vertendo, Bergondo tamén, nós tamén, e no seu día chegouse a un acordo co anterior alcalde, de facer un novo trazado de fecais e deixar o de pluviais. Esa rede de sumidoiros está mal feita, e non é fácil localizar todos os verquidos. Agora, neste momento, estase facendo unha revisión de todos os tubos, pero hai que retomar co SEPES o tema de que se materialice esta obra, que non ten condicións. O Sr. Varela Saavedra continúa dicindo que agarda que co novo alcalde de Sada se poida seguir con reunións, así como co alcalde de Bergondo.

Proponse unha nova rede de saneamento, pero a curto prazo e complicado lograla.

O Sr. Cubeiro Martínez, do PP, manifesta que lle parece inmoral que se poñan limitacións en canto aos vertidos das empresas de Cambre, cando o Concello de Sada os está enviando sen separar.

Don Antonio Varela sinala que, ou se precinta e non se verten, ou se modifica a rede. Tras unha reunión no mes de abril co alcalde de Sada, parece que van a tomar a postura adecuada.

O Sr. Cubeiro Martínez manifesta que este momento é a oportunidade de que o Concello de Sada deixe unha segunda rede de pluviais, agora que están en obras, e que quede claro que se está a tratar dun problema serio.

2ª.- Numerosos veciños do lugar da Mota na veciña parroquia de Cecebre, puxéronse en contacto con concelleiros do grupo municipal popular para denunciar a falta de servizo do autobús interparroquial no citado lugar, o que lles orixina un grave prexuízo cando queren desprazarse a núcleos urbanos como Cambre ou A Coruña, por iso, o grupo municipal popular pregunta ao goberno municipal, cal é o motivo da falta deste servizo e que



medidas se van tomar dende o goberno local para prestar o servizo demandado polos veciños.

Responde don Francisco Javier Varela Tejedor que esa demanda tivo acollida neste goberno, pero o problema é legal, xudicial. Tíñase aprobado un servizo interparroquial, que foi anulado por sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 2 de maio. O director xeral de Transportes di que están estudando medidas para establecer este servizo. A competencia é da Xunta, polo convenio de transportes metropolitano, e agarda que a Xunta actúe. A concesión é de Autos Vázquez, a Xunta a atribuíulla a Cal Pita, e iso boutono abaixo o Tribunal Superior de Xustiza.

Don José Antonio Baamonde manifesta que iso está producindo un prexuízo aos veciños.

3ª.- O grupo municipal popular, ven demandando dende hai varios anos maior seguridade viaria en todo o Concello, e especialmente na estrada Frais-Espíritu Santo, vía que ten gran circulación xa que serve de acceso ao polígono industrial para turismos e vehículos pesados. Como coñece o goberno local, esta estrada de titularidade provincial é estreita, carece de beirarrúas, e o firme non se atopa en bo estado, o que a fai aínda máis perigosa.

Dende hai varios anos, vense prometendo dende o goberno local a construción dunha variante dende Frais a Lendoiro para mitigar os mencionados problemas de seguridade viaria na zona, retrasados, segundo o executivo local por culpa dos gobernos populares tanto na Xunta como na Deputación.

Despois de tanto tempo e con gobernos socialistas tanto na Deputación como na Xunta de Galicia dende hai varios anos, o grupo municipal pregunta cando se vai levar a cabo a construción da citada variante, así como prazos previstos para que entre en funcionamento.

Responde don Antonio Varela Saavedra que, nesta variante, fai cousa dun mes se levantaron as actas previas a aquelas persoas que non están de acordo coas valoracións. Houbo unha reunión con veciños, avogados e técnicos da Deputación, porque, ademais, esa estrada non leva incluídas obras. Por iso, pídese que se amplíe a plataforma, ás

liñas de peche quereselles marcar dende o peche da estrada e iso supón outros oito metros, o que collería casas.

Pregunta o Sr. Cubeiro Martínez se non hai beirarrúas. Responde o Sr. Varela Saavedra que se viu o proxecto borrador hai anos, agora o proxecto definitivo non ten beirarrúas. O Sr. Cubeiro pregúntalle por un posible prazo, e o Sr. Varela Saavedra respóndelle que o Concello forma parte das reunións, sen que poida precisar máis.

O Sr. Baamonde di que sería importante que estivese presente o presidente do polígono do Espírito Santo nesas reunións, polo que solicita expresamente que se lle permita asistir.

4ª.- No lugar de Fraís, na parroquia de Cecebre, véñense dando con certa frecuencia vertidos de augas fecais que vemos na estrada, feito que foi denunciado polos concelleiros do grupo municipal popular en varias ocasións. Co obxecto de mellorar medioambientalmente o citado lugar e facéndonos eco de novo das denuncias veciñais, o grupo municipal popular pregunta ao goberno local que medidas se van adoptar e en que prazo de tempo estará erradicado o citado problema.

Responde dona Beatriz Ramos Padín que a zona de augas fecais xa teñen ordes da Policía Local para que limpen os verquidos. Estase facendo un colector en Cecebre, e vaise intentar conectar as vivendas.

Responde don Antonio Varela Saavedra que levará uns tres meses, porque estanse facendo agora os bombeos en Cecebre.

5ª.- O grupo municipal popular denunciou en varias ocasións o estado dalgúns colectores de lixo, moitos deles coas tapas rotas, agravándose o problema na época estival polo olor que estes desprenden. Así mesmo temos solicitado en varias ocasións a súa ancoraxe para evitar que os días de vento anden pola estrada sen control. Por iso, o grupo municipal popular pregunta ao goberno municipal que medidas se van tomar para subsanar estas deficiencias e en que prazo de tempo.

Don Beatriz Ramos Padín manifesta que están recibindo moitas queixas veciñais respecto da recollida de lixo, desaugadoiro de colectores, etc., e están a remitilas ao Consorcio. Se non contestan, solicitarán ao Consorcio a retirada do xerente e o seu equipo, por incumprimento de contrato.

6ª.- Numerosos veciños do Concello de Cambre, puxéronse en contacto con concelleiros do grupo municipal popular para denunciar a falta de información nas paradas dos buses tanto do horario como do seu percorrido. A ausencia de dita información fai que a xente descoñeza os horarios e non saiba a quen preguntar. Ante isto, o grupo municipal popular, pregunta ao goberno local cal é a causa desta información e que medidas vai adoptar para facilitar aos usuarios dos autobuses a citada información.

Don Francisco Javier Varela Tejedor sinala que la competencia en información, sinalización e acondicionamento é competencia da Xunta de Galicia, e no convenio para o transporte metropolitano suscrito coa Consellería de Política Territorial, figura a obriga de unificar un sistema de información. Hai unha partida prevista para o ano que ven na Xunta.

#### **Preguntas do BNG presentadas por escrito.**

1ª.- ¿A qué e debido que as obras contratadas da Escola Municipal de Música acumulen un atraso de dous meses na data de comezo?

Responde don Francisco Javier Varela Tejedor que, tal e como dixo no anterior pleno, a acta de replanteo se fixo o 2 de febreiro de 2007; ata a toma de posesión deste novo goberno non se volveu facer nada. O 8 de agosto asinou a acta de comprobación do replanteo, e a partir desta data a empresa ten que comezar a cumprir as súas obrigas.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que o Sr. Varela Tejedor dille que era un tema que viña do goberno anterior como se iso fose algo malo, e preguntaban por que pasou o mes de firma ata a acta de comprobación do replanteo. Agora danse por satisfeitos.

Don Francisco Javier Varela Tejedor manifesta que dende o 2 de febreiro ata o 25 de agosto, o goberno anterior –ao cal non critica –, tivo tempo para facelo, e non o fixo. Os técnicos municipais sinalaron que non podían acometer a dirección, pero esta situación solucionouse nunha semana.

Don Henrique Xabier Iglesias responde que antes non puido facerse a comprobación do replanteo porque era o período en que se estaba contratando a obra.

2ª.- Solicitamos que se nos informe sobre os verquidos contaminantes á Ría producidos no Temple denunciado durante este verán e sobre as medidas que se tomaron para correxilos.

Responde don Francisco Javier Varela Tejedor que o problema é grave e recorrente. Todos sabemos que está pasando neste municipio e outros limítrofes. Os técnicos constataron que é difícil comprobar a situación, porque a rede é antiga, e a instancia do señor alcalde vaise contratar un proxecto global de adecuación das zonas do Temple e O Graxal, e iso implicará a renovación do sistema da rede de sumidoiros e unha mellora da calidade de vida deses veciños.

Don Henrique Xabier Iglesias contesta que se dá por satisfeito, e agarda que se faga canto antes porque esa é a solución. Tamén agarda que sexamos humildes cando se fale do estado da ría, que lle preocupa que a confraría de pescadores teña pasado a presentar denuncias xudiciais, non vaia a ser que, á volta duns anos, nos atopemos cunha situación como a que comentamos antes, na que ao Concello lle condene unha sentenza ao pago de indemnizacións a unha confraría, ou a persoas físicas. Pide que se faga canto antes un plan de saneamento.

3ª .- ¿Ten o goberno local un plan para eliminar os verquidos de augas negras presentes en varias cunetas das estradas por todo o Concello e que afectan con máis gravidade nos núcleos habitados?

Responde don Antonio Varela Saavedra que non, que o que temos que intentar é chegar á maior parte do concello coa rede de sumidoiros. Se algunhas augas hai, atacáremolas, pero isto é difícil.

Don Henrique Xabier Iglesias refírese a dous sitios dos que xa falamos no pleno pasado, as cunetas de Aián e nos Campóns, preto do instituto. Aí habería que controlar de onde proceden os verquidos, e el cre que proveñen de xente pouco cívica.

Don Antonio Varela Saavedra sinala que en Aián tiveron unha reunión cos veciños, e pagárase unha parte polos veciños e unha parte polo concello.

Don Henrique Xabier Iglesias comenta que o feito de que non exista saneamento nalgúns zonas non dá dereito a verter ás estradas.

4ª.- ¿Cando se van a pagar as axudas as familias para comedores escolares convocadas no principio deste ano?

Responde don Jaime López Lisnier que as axudas pendentes son as do ano pasado de setembro a decembro, e as deste ano. A razón é que había vinte persoas que non tiñan justificado que estaban ao día nos seus pagamentos con Facenda ou co Concello. Por esas persoas, non se podían facer o pago total. Onte mesmo rematou o prazo para que presentaran os papeis que faltaban e a partir de agora se lles vai empezar a pagar, a partir de setembro, e con todos os atrasos.

5ª.- ¿Cando se vai a repoñer a marquesina do lugar de Apeadeiro, eliminada tras as obras da beirarúa e cando se vai a proceder a reparar o cerramento da escola unitaria, destrozado por un vehículo?

Responde Francisco Javier Varela Tejedor que se terminou agora o proxecto técnico para adecuar todo o contorno da zona. A resposta é inmediata.

Don Henrique Xabier Iglesias fai referencia á zona que vai dende Apeadeiro cara á Fraga. O Sr. alcalde respóndelle que se mirará, e o Sr. Varela Tejedor maniféstalle que o terán tamén en conta.

6ª.- ¿Vaise reservar aparcamento para a base de ambulancias no centro de Saúde de Cambre?

Responde don Antonio Varela Saavedra que xa está avisada a brigada de obras para pintar.

### **Preguntas de EU-IU presentadas por escrito.**

1ª.- ¿Cantas prazas escolares se ofertaron e demandaron en cada un dos niveis educativos e en cada centro, dende o Primeiro Ciclo de Educación Infantil ata o Bacharelato?

Responde don Jaime López Lisnier sinalando que o que pode dicir é que en infantil para cada unidade se ofertan 25 prazas. No resto non temos información, pero vaina recabar de todos os directores. Pensou que a representante do concello lle pasaría a información, pero non o fixo. Daralles os datos no vindeiro pleno.

2ª.- ¿Ten coñecemento o goberno municipal da totalidade das vallas publicitarias instaladas no termo municipal?

¿Cantas licenzas están concedidas na actualidade?

Don Francisco Javier Varela Tejedor comenta que non pode contestar neste momento, e polo tanto, faralle chegar a resposta por escrito.

As preguntas 3 e 4 xa están contestadas.

5ª.- Na rúa Río Miño na urbanización A Barcala, existe un baixo de propiedade municipal, acondicionado parcialmente.

- ¿Pode informarnos o goberno municipal cal é o motivo da paralización das obras?

- ¿Qué destino se ten previsto dar ás mencionadas dependencias?

Don Francisco Javier Varela Tejedor responde que non se culminaron as obras porque co orzamento consignado non había suficiente cantidade para acabalas. Agora hai presentado un orzamento que parece excesivo, e o destino será para actividades culturais e para uso das asociacións.

6ª.- Unha petición amplamente reclamada a EU-IU, polos veciños/as da parroquia de Bribes, no Concello de Cambre, trata de dotar de iluminación pública o treito da ponte da presa de Cecebre, no treito pertencente a Cambre, que na súa metade está desprovista do servizo, tendo en conta que, a zona que está en territorio do Concello de Abegondo está perfectamente iluminada.

¿Ten previsto o goberno municipal realizar as obras de instalación de iluminación, e darlle solución ao problema?

Dona Beatriz Ramos Padín contesta que non é só a zona da ponte, senón que moitos máis están faltas. O mellor é facer un plan xeral de iluminación.

Don Nicolás Martínez Cubeiro, do PP, formula unha dúbida sobre o tema das axudas de educación, que é cantas familias se ven prexudicadas polo feito desas vinte que non tiñan a documentación correcta.

Don Jaime López Lisnier responde que moitas, pero o departamento de Intervención non podía habilitar a partida de pago mentras isto non se solucionase, e isto empezouse a mobilizar a partir do 15 de xullo. Son arredor dunhas 50 familias de Sigrás e unhas 30 do Graxal. No vindeiro ano subvencionaranse pola Xunta.

Para finalizar, o Sr. Cubeiro fai unha referencia a que na páxina web municipal non aparecen debidamente sinalizados os límites do Concello. O Sr. alcalde respóndelle que dará as instrucións para que se rectifique.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Asdo: Antonio Varela Saavedra

Asdo: M<sup>a</sup> Fernanda Montero Carré